



Ref: HMG/BFC	Data: sinálase na marxe
Destinatario: Concello de Ferrol Praza das Armas, s/n 15401 Ferrol (A Coruña)	
Asunto: Notificación Resolución Expediente: A-2020/031	

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, con data 10.07.2020, ditou a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

RESOLUCIÓN DUNHA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS NA ZONA DE SERVIDUME DE TRÁNSITO E DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE, NO LUGAR DE CASTELO DE SAN FELIPE, NO TERMO MUNICIPAL DE FERROL.

Expediente: A-2020/031

Logo de examinar a documentación que consta no expediente instruído ao abeiro do establecido na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, modificada pola Lei 2/2013, do 29 de maio (en adiante LC) no Regulamento xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (en adiante RXC), no Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG), e no Plan de ordenación do litoral de Galicia (en adiante POL), aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, e á vista dos informes do Servizo de Urbanismo da Coruña, resulta o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- Con data 18-02-2020, ten entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude do Concello de Ferrol para a obtención da autorización en servidume de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, no termo municipal de Ferrol, para a realización do "Proxecto básico e de execución de Rehabilitación da Torre do século XIX da Batería Baixa do Castelo de San Felipe para usos expositivos, e deseño do contido expositivo", asinado en xaneiro 2020 polo arquitecto Ramón Montero Cereijo.
- 2.- Con data do 26-02-2020, o Servizo de Urbanismo da Coruña emite un oficio requirindo ao concello diversa documentación de carácter xeral e técnico necesaria para a tramitación do expediente, o que foi cumprimentado.
- 3.- Figura no expediente un informe urbanístico do Concello de Ferrol, no que se sinala que a finca atópase clasificada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) vixente aprobado definitivamente o 26-12-2000 como equipamento comunitario do sistema xeral, SC-36 Centro cultural castelo de San Felipe, equipamento socio – cultural proposto, de





titularidade pública, pertencente ao sistema xeral. O castelo de San Felipe figura no catálogo de bens protexidos do Anexo catálogo do PXOM como C-2 Castelo de San Felipe (BIC R-I-51-0008846. RD 64/1994) dentro da tipoloxía de Monumento histórico artístico cunha protección integral. A finca atópase dentro ámbito do PE-4-R Plan especial de protección e rehabilitación do núcleo e Castelo de San Felipe e o seu contorno costeiro.

4.-O informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica –Demarcación de Costas en Galicia, emitido con data 01-07-2020 de conformidade co artigo 50 do RXC, indica que á vista do plano de deslinde, a torre do Castelo de San Felipe que se pretende rehabilitar para usos expositivos linda co dominio público marítimo-terrestre e está afectada polas zonas de servidume de tránsito e protección.

Sinala que se ben nese lugar a zona de servidume de tránsito está totalmente ocupada, a Demarcación non pon inconveniente á autorización para a rehabilitación da torre para uso expositivo tendo en conta que ese uso non se inclúe en ningunha das prohibicións que o artigo 25.1 da Lei de Costas establece dentro da zona de servidume de protección, ao ser o castelo un Ben de Interese Cultural, sería neste caso aplicable o punto 3 da disposición transitoria terceira da lei no relativo á aplicación das medidas derivadas dunha declaración de conxunto histórico ou doutro réxime análogo de especial protección con preferencia ás contidas na Lei de Costas e existe un tránsito alternativo por un viario pavimentado que linda coa parcela onde se sitúa o castelo polo norte así como por un camiño co que se cruza, o que discorre paralelo á costa.

O deslinde do tramo de costa obxecto de actuación foi aprobado pola OM 22-05-2006.

5.- A técnica do Servizo de Urbanismo da Coruña, emite informe con data 06-07-2020, no que se indica o seguinte:

A Torre do século XIX da Bateria Baixa é un elemento que forma parte do conxunto do Castelo de San Felipe, declarado Ben de Interese Cultural, coa máxima categoría de protección do patrimonio cultural. O proxecto inclúe tanto os traballos de adaptación e acondicionamento da Torre para o novo uso, coma o deseño do material expositivo e o equipamento necesario para este uso.

As actuacións realizaranse en tres elementos da Torre:

- Fachadas. Consistirá na limpeza da fachada en peor estado de conservación (fachada Leste), no picado dos encintados de morteiro de cemento e na demolición das fábricas de ladrillo e bloque que tapian os ocos de fachada.
- Cuberta. Executarase unha nova cuberta resolta mediante lousas de granito moreno de dimensións 100x50x8cm. Á vista dos planos do proxecto, manterase a volumetría envolvente existente, respectando a pendente actual de 13º (22%).
- Carpintería exterior. As tres portas exteriores serán de carpintería de madeira de iroko acabado con brea e as ventás exteriores serán de vidro temperado 6+6mm.

Planeamento

O planeamento vixente no concello de Ferrol é Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente con data 26/12/2000, polo que se entende non adaptado á Lei 9/2002, do 30 e decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), conforme ao establecido na disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Á vista do informe municipal e segundo o planeamento vixente, a parcela atópase cualificada como equipamento comunitario do sistema xeral, SC-36 Centro cultural castelo





de San Felipe, equipamento socio – cultural proposto, de titularidade pública, pertencente ao sistema xeral. O castelo de San Felipe figura no catálogo de bens protexidos do Anexo catálogo do PXOM como C.2 Castelo de San Felipe (BIC R.I.51.0008846. RD 64/1994) dentro da tipoloxía de Monumento histórico artístico cunha protección integral. A finca atópase dentro ámbito do PE.4.R Plan especial de protección e rehabilitación do núcleo e Castelo de San Felipe e o seu contorno costeiro.

Consultado o visor da páxina web do Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA), compróbase que, ao abeiro do vixente PXOM, a parcela está clasificada como *solo rústico de protección de costas*.

Consultado o visor do Plan Básico autonómico de Galicia (PBA), aprobado por Decreto 83/2018, do 26 de xullo, a parcela de referencia atópase dentro dos ámbitos de afeccións derivada das normativas sectoriais en materia de costas, aeroportos, e patrimonio cultural, por se atopar dentro do Ben de Interese Cultural (BIC) Monumento histórico artístico “Castelo de San Felipe”

Conforme ao establecido na disposición transitoria primeira da LSG, ao planeamento vixente seralle de aplicación o establecido no seu punto 2, polo que conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á LSG, de xeito que ao solo non urbanizable ou solo rústico aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico.

POL

O Concello de Ferrol atópase parcialmente dentro do ámbito territorial do Plan de Ordenación do Litoral aprobado definitivamente o 10 de febreiro de 2011, co Decreto 20/2011, do 19 de febreiro (POL). Segundo se desprende do plano plano AI.12 do Modelo de Xestión do dito plan, o ámbito onde se atopa a actuación está afectado por un área continua de *protección costeira* e por outra descontinua de *Espazos de Interese*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- O expediente tramitouse de conformidade co establecido na LC, no RXC, no Decreto 97/2019, na LSG e no POL.

2.-Segundo a lexislación de costas vixente, calquera tipo de obra, instalación ou actividade a realizar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre está suxeita á obtención de autorización deste organismo da administración autonómica, con carácter previo ó seu inicio (art. 26 da LC, art. 49 do RXC).

3.-Os terreos nos que se sitúan as obras solicitadas están comprendidos nas zonas de servidume de tránsito e protección, definidas e reguladas nos artigos 23 ó 27 da LC e 44 a 52 do seu regulamento, polo que, de conformidade co disposto no artigo 50.3 do RXC ditarase unha resolución única por parte do órgano competente da Comunidade Autónoma que deberá recoller preceptivamente as observacións que, para os ditos efectos e se é o caso, formulara servizo periférico de costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, ao emitir o informe referido no apartado 1 do citado artigo 50.

4.-O artigo 25.2 da LC, o artigo 47.1 do RXC e o artigo 3.1. a) do Decreto 97/2019, establece que con carácter ordinario, soamente se permitirán na zona de servidume de protección as obras, instalacións e actividades que, pola súa natureza non poidan ter outra localización ou presten servizos necesarios ou convenientes para o uso do dominio público marítimo-terrestre.





5.- Segundo o artigo 49.3 do RXC, as autorizacións deberán respectar o planeamento urbanístico en vigor.

Segundo o planeamento urbanístico do Concello de Ferrol, as obras proxéctanse en terreos clasificados como solo rústico de protección de costas. Conforme á disposición transitoria primeira 2.d) en relación co artigo 34.2 LSG e ás afeccións identificadas no PBA, ao ámbito de referencia correspóndelle o réxime de solo rústico de protección de costas, de protección de infraestruturas, de protección patrimonial, e de protección paisaxística, tratándose de obras admisibles e sometidas á obtención de título habilitante de natureza urbanística de competencia municipal.

6.- A disposición adicional terceira do RXC, sinala que:

1. Os bens inmobles declarados de interese cultural situados en dominio público marítimo-terrestre quedarán suxeitos ao réxime concesional previsto na Lei 22/1988, do 28 de xullo, a cuxo efecto a Administración Xeral do Estado outorgará a correspondente concesión, previa solicitude da mesma, no prazo dun ano para contar desde a data da declaración de interese cultural.

2. Aos bens aos que se refire o apartado anterior que se atopen situados no dominio público marítimo-terrestre, a zona de servidume de tránsito, de servidume de protección ou de influencia, aplicaráselles as medidas derivadas do devandito réxime con preferencia ás contidas nesta Lei, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria terceira.3. 3ª da Lei 22/1988, do 28 de xullo.

7.- Á vista dos preceptos anteriores, considerando que a actuación proxectada cumpren os supostos de feito recollidos nos preceptos mencionados, e que o informe da Demarcación de Costas do Estado, vinculante para esta Administración autonómica, tal e como se recolle no antecedente nº4, é favorable á intervención proxectada tendo en conta as características das actuacións solicitadas, de acondicionamento para usos expositivos dun elemento que forma parte do conxunto do Castelo de San Felipe, declarado Ben de Interese Cultural, coa máxima categoría de protección do patrimonio cultural, estando sometido a un réxime xurídico de aplicación preferente respecto da lexislación de costas, considérase que procede un pronunciamento favorable por parte deste organismo da Xunta de Galicia sobre a autorización solicitada.

8.- De acordo co disposto no artigo 95 do POL, ó tratarse de obras sobre edificacións ou usos xa existentes implantados con anterioridade á entrada en vigor do POL e en zona de servidume de protección do dpmt, non son de aplicación as limitacións do devandito Plan.

9.- A competencia para resolver o procedemento de autorización administrativa na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre correspóndelle á directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co establecido no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; en relación co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro; en relación co Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.





Á vista de canto antecede, a proposta do Servizo de Urbanismo da Coruña, RESOLVO:

OUTORGAR ao Concello de Ferrol a autorización en servidume de tránsito e de protección do dominio público marítimo terrestre, termo municipal de Ferrol, para a realización do "Proxecto básico e de execución de Rehabilitación da Torre do século XIX da Bateria Baixa do Castelo de San Felipe para usos expositivos, e deseño do contido expositivo", asinado en xaneiro 2020 polo arquitecto Ramón Montero Cereijo. de conformidade cos preceptos e consideracións transcritas anteriormente, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo da obtención do título habilitante de natureza urbanística de competencia municipal e das demais autorizacións e informes preceptivos, de xeito específico a autorización do órgano competente da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, segundo o disposto na lexislación sectorial que sexa de aplicación, e coas seguintes condicións:

1º.- Durante a execución das obras deberanse adoptar as medidas necesarias tanto para garantir a integridade do dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume – con especial atención a evitar o vertido de materiais contaminantes co medio natural –, como a seguridade de persoas e bens, balizando e sinalizando convenientemente a zona de traballo e adoptando as medidas de seguridade e hixiene aplicables a este tipo de actuacións.

2º.- O prazo para a finalización das citadas obras non poderá exceder de DOUS ANOS. Unha vez transcorrido o dito prazo quedará sen efecto esta autorización, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei de Costas.

Contra esta resolución o concello poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ó de recepción desta resolución sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo en igual prazo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se comunica para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

A Coruña, na data da sinatura dixital,

A xefa do servizo,

Helena Mosquera García.

